

NOTA DE PRENSA

Os balnearios galegos estiman unha ocupación media do 75 por cento durante a Semana Santa, que crece ata o 80 de xoves a domingo

Son cifras similares ás do ano pasado, que se valoran de “xeito positivo” desde a asociación sectorial

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación de Balnearios de Galicia prevé unhas taxas de ocupación durante as vacacións de Semana Santa, que oscilan entre o 75 por cento como estimación para toda a semana, pero que crece ata o 80 se se toma en conta só o período de xoves a domingo. Destacan os balnearios de Carballo, Lugo, Mondariz, Cuntis e o grupo ourensán Caldaria, que superan o noventa por cento. A teor das ofertas para este período vacacional, o prezo medio aproximado rolda os 55 euros en establecementos de tres estrelas e 85 euros nos de catro, por persoa e día.

A entidade valora as cifras de ocupación, similares ás do ano pasado, de “xeito positivo”, pero precisa que cómpre teimar na promoción de Galicia como destino termal de España en Madrid e o mercado nacional. O xerente da Asociación de Balnearios, **Benigno Amor**, destaca a “estabilidade” de Galicia e comunidades limítrofes como principais territorios emisores de termalistas grazas a unha “oferta variada, de calidade e altamente competitiva. Isto significa que os balnearios teñen un prestixio, os usuarios posúen un coñecemento cada vez mellor das súas ofertas e, ademais, existen programas terapéuticos cunha demanda crecente”. Nesta liña, salienta que a xente que opta por un balneario por motivos lúdicos pode aproveitar tamén para beneficiarse dos programas terapéuticos destinados a tratar doenzas crónicas como reuma, trastornos respiratorios ou problemas na pel, entre outros.

19 balnearios

A Asociación está integrada por un total de 19 balnearios. Na provincia da Coruña atópanse o balneario de Carballo e o de Compostela (Brión). Na provincia de Lugo están o de Guitiriz e as Termas Romanas de Lugo. Na provincia de Ourense están representados os de Arnoia, Baños de Molgas, Laias (Cenlle), Lobios, O Carballiño e Caldas de Partovia (os dous no Carballiño) e Sousas (Verín). E na provincia de Pontevedra atópanse os de Acuña e Dávila (os dous en Caldas de Reis), Termas de Cuntis, Baños de Brea (Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Hotel Balneario Hesperia Isla de La Toja, Gran Hotel La Toja e o Balneario de Mondariz.

Asociación de Balnearios de Galicia_ www.balneariosdegalicia.es

PRENSA_ 981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es